


(re)program
novos media *arte*

Concurso de Fotografía Dixital (bases)



designed by freepik.com



● BASES DO CONCURSO

O Concello de Culleredo, a través da Concellería de Xuventude e do CIPAX convoca o concurso de fotografía dixital: “(re)programArte”.

Co fin de promover e difundir o patrimonio natural, social, deportivo e cultural do Concello de Culleredo a través da visión da mocidade. As fotografías que se realicen deben plasmar aspectos da vida cotiá, paisaxes, monumentos, recunchos do Concello no que cada foto nos amose esos espazos por descubrir en Culleredo.

1. TEMA

As imaxes teñen que ensinar parte do patrimonio natural, social, deportivo e cultural do Concello de Culleredo

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases:

- Mozas e mozos residentes en España e que teñan una idade comprendidas entre os 14 e os 30 anos –ambos incluídos- na data de finalización de admisión. As obras presentaranse a título individual.
- Todas as imaxes deben ser orixinais , inéditas e estar tomadas dentro do Concello de Culleredo
- Presentar ata un máximo de 3 fotografías en formato díxital
- As imaxes deben reflectir o tema do concurso. Amosando ese espazo, monumento, aspecto por descubrir do Concello de Culleredo

3. DATAS

O prazo para participar no concurso será o comprendido entre as 8:00h do 18 de setembro do 2017 ata as 24:00h do 1 de outubro.

Do 2-5 de outubro o público votará a través da páxina de Facebook de Xuventude Culleredo.

O 6 de outubro durante a gala de clausura do programa (re)programarte se dará a coñecer os gañadores do concurso.



4. XURADO

O Xurado estará integrado por 3 membros e o seu nomeamento difundirase na páxina do Facebook de Xuventude Culleredo

5. PREMIOS

O concurso terá dous premios:

- Premio do Xurado: Este premio o otorgará o xurado
- Premio do público: Este premio o otorgará o publico, concendendoo a imaxe que obteña un maior número de “Me gusta” no Facebook de Xuventude Culleredo (en caso de empate o Xurado será o encargado de seleccionar a imaxe gañadora)

Os premios consistirán en:

- Premio do Xurado: Unha cámara deportiva
- Premio do público: Unha cámara instantanea

6. PRESENTACIÓN FOTOGRAFÍAS

As fotografías poderán presentarse do 18 de setembro ao 1 de outubro e deben enviarse por correo electrónico a cipax@culleredo.es acompañadas da seguinte documentación:

- As fotografías en formato jpg.
- No asunto da mensaxe : “ Concurso (re)programArte”
- O Título da foto e localización da mesma
- Fotocopia do DNI

7. USO DAS IMAXES

-Calquera persoa que envíe as fotografías a este concurso garante ser o/a autor/a exclusivo das mesmas.



-Calquera contido non axeitado, inapropiado ou ofensivo a xuízo da concellería de Xuventude non formará parte do concurso. Rexeitándose todas aquelas creacións cuxo contido inclúa imaxes violentas, sexistas, racistas ou que vulneren os dereitos fundamentais das persoas.

-A concellería de Xuventude reservarase o dereito de descualificar, non publicar ou borrar aquelas fotos que non cumpran os requisitos técnicos, estéticos ou atenten contra os principios antes indicados.

-As fotografías non poder conter nin facer referencia a marcas e/ou produtos de terceiros con fins manifestamente publicitarios.

-Todos os participantes cederán o dereito de uso e reproducción da fotografía ó Concello de Culleredo para fins de promoción.

8. PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Todos os participantes aceptan mediante a súa participación no concurso que os contidos que sexan publicados nas redes sociais e poden ser compartidos co resto de usuarios destas redes.

As persoas concursantes garanten o presentar as súas fotografías que as persoas que poidan aparecer nas fotos autorizan a súa publicación , incluídos os menores de idade a través dos seus pais ou tutores.

Toda a información do concurso colgarase no Facebook de Xuventude Culleredo

